

50 MEDIDAS PARA QUE NIGRÁN AVANCE

Unha administración áxil, eficaz, transparente, participativa e solidaria, ao servizo das veciñas e dos veciños de todas as parroquias, todos os días do ano, para solucionar os problemas da veciñanza.

1. Cambiar o horario dos plenos para facilitar a asistencia da veciñanza, gravalos e publicalos nas redes sociais do Concello de Nigrán.
2. Aumentar a implantación da administración electrónica do Concello.
3. Por en funcionamento o Consello de Participación cidadá e potenciaremos a constitución de Consellos Parroquiais.
4. Cumprir as Leis de Transparencia e de acceso á información pública.
5. Modificar as Ordenanzas Fiscais que o precisen para que as bonificacións ás tributos municipais sexan mais xustas e progresivas.
6. Realizar o inventario de bens municipais, para saber que ten o concello.
7. Realizar encontros abertos á veciñanza en todas as parroquias.

Servizos públicos de calidade, que serven por igual a toda a cidadanía, con independencia da parroquia ou do lugar onde se viva.

8. Establecer medidas de control sobre as empresas que prestan servizos municipais privatizados, mediante a realización de auditorías.
9. Realizar un Plan de Investimentos a medio prazo para dotar a todas as parroquias dos mesmos servizos de abastecemento e saneamento de auga, viarios públicos e alumeadado público.
10. Ampliar o servizo de limpeza e roza de rúas e camiños a todo o municipio.
11. Controlar os servizos públicos prestados por outras administracións ou empresas privadas (sanidade, transporte público, telefonía, etc.).

Coordinación supramunicipal

12. Potenciar a Mancomunidade do Val Miñor para que resulte un instrumento eficaz na prestación de servizos, como o da Piscina mancomunidade ou o Grupos de Emerxencias Supramunicipal.

O PXOM DE NIGRÁN

13. Desbloquear a tramitación do PXOM para que se poda aprobar neste mandato.
14. Reservar Vivenda de Protección, para que existan vivendas en Nigrán a prezos asumíbeis e a mocidade non teña marchar vivir a outros concellos.
15. Non permitir que aumenten as reservas de solo para grandes superficies comerciais.
16. Establecer criterios de clasificación do solo (núcleos rurais, etc.) públicos e transparentes, para evitar inxustizas.
17. Someter o **PXOM** a un novo período de exposición pública.

Conservar o medio ambiente

18. Establecer un plan de control e vixilancia de vertidos ao litoral e os ríos.
19. Investigar as causas da contaminación da Foz do Miñor e adoptaremos medidas para a súa rehabilitación medioambiental.
20. Aumentar a protección dos espazos naturais de Nigrán como as dunas das praias, a Foz do Miñor ou a península de Monteferro.
21. Ampliar a recollida selectiva aos residuos orgánicos.
22. Mellorar a reciclaxe dos residuos mediante campañas de concienciación e unha mellora da dotación de colectores de reciclaxe.
23. Planificar unha substitución da totalidade das luminarias do alumeadado público por unhas de tecnoloxía LED. Isto suporá unha mellora medioambiental e un aforro das arcas do Concello de 400 mil euros.
24. Controlaremos a contaminación acústica en Nigrán.

Auga

25. Investigar as causas das perdas aparentes e reais de auga (mais do 25%), así como planificar a súa redución.
26. Exercer un control estrito do funcionamento do servizo, da súa calidade e do mantemento das infraestruturas.
27. Traballar pola remunicipalización do servizo de abastecemento e saneamento da auga en Nigrán

Desenvolvemento local , turismo e emprego

28. Analizar a situación socioeconómica de Nigrán cara a establecer as prioridades en materia de desenvolvemento local e emprego.
29. Fomentar un turismo de calidade, respectuoso co medio ambiente, desenvolvendo medidas concretas para desestacionalizalo.
30. Facilitar a contratación por parte do Concello ás PEMES de Nigrán e o Val Miñor.
31. Desenvolver un plan de apoio ás persoas paradas, mediante axudas sociais nas situacións mais graves, e mediante unha formación profesional de calidade orientada a realidade do mercado laboral e o apoio á creación de empresas de inserción, cooperativas.

Cultura e deporte

32. Potenciar a actividade cultural e deportiva da poboación, organizando escolas e actividades, descentralizándoa a todas as parroquias.
33. Constituír os Consellos sectoriais de Cultura e Deporte, para que os colectivos participen na elaboración das políticas culturais e deportivas.
34. Dotar e facilitar instalacións adecuadas para o desenvolvemento de actividades (Pintura, etc.).

Mocidade

35. Promover a participación da mocidade na elaboración de políticas de xuventude.
36. Ampliar o concepto de ocio apostando pola creatividade, con políticas específicas para a infancia, a preadolescencia e a adolescencia.

Persoas maiores

37. Traballar para dotar a Nigrán dun **Centro de Día** no antigo Centro de Saúde de Panxón.
38. Crear espazos interxeracionais, onde convivan a infancia, a xuventude e as persoas maiores.
39. Adoptar medidas para eliminar a fenda dixital das persoas maiores.
40. Realizar talleres formativos sobre as novas tecnoloxías, os seus perigos e os seus riscos. Estes talleres ampliaranse a outros colectivos, especialmente á infancia e a mocidade.

Os servizos sociais

41. Dotar ao departamento dos **Servizos Sociais** de Nigrán de mais persoal.
42. Realizar un **estudo e diagnóstico social**, a partir do cal elaborárase un plan de intervención comunitario acorde coas necesidades.
43. Elaborar e difundir **unha guía dos Servizos Sociais de Nigrán**, onde ademais dos dereitos e deberes das persoas usuarias dos Servizos Sociais de Nigrán, se inclúan tódolos recursos que se ofertan.
44. Ampliar a **carteira de servizos** do Departamento de Servizos Sociais.
45. Crear unha vía urxente e áxil de acceso ás prestacións dos Servizos Sociais.
46. Aumentar os estándares de calidade do Servizo de Axuda no fogar, así como auditar a prestación deste servizo.

Ensino

47. Realizar un Plan municipal de medidas específicas para favorecer o **éxito escolar, mediante talleres de reforzo escolar**.
48. Adoptar medidas para fomentar a formación en **linguas estranxeiras**, para o alumnado de Nigrán, mediante estancias e campamentos de inmersión lingüística.
49. Traballar, en colaboración con outras administracións, para aumentar a oferta de prazas públicas no nivel de educación infantil.

Igualdade

50. Elaborar o II Plan de Igualdade de Nigrán, así como realizar a avaliación dos obxectivos conseguidos no plan anterior.

A política de igualdade será transversal no resto de políticas que desenvolvamos no Concello.



Código QR do programa completo

